



COMUNICADO DA XUNTA DE GOBERNO DO COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA

A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia quere manifestar publicamente o seu apoio ás mobilizacións convocadas polos Psicólogos Clínicos do Sergas en reivindicación da súa reclasificación profesional.

Compartimos as demandas plantexadas e, en consonancia, adherímonos a elas:

Parécenos inescusable a demora por parte da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia en relación ó recoñecemento dos Psicólogos Clínicos como facultativos especialistas.

Valoramos necesario e urxente o incremento dos recursos humanos actuais, polo que consideramos imprescindible a creación de novas prazas de Psicólogos/as no Sergas, tanto en Atención Primaria como en Atención Especializada.

Comprometémonos a continuar traballando xunto cos/as Psicólogos/as Clínicos/as do Sergas na procura destes obxectivos, a ser portavoces destas demandas perante a Administración e a contribuir, no ámbito das nosas competencias, ó necesario desenrolo e consolidación da Psicoloxía Clínica, aspecto que consideramos prioritario, tanto desde a perspectiva de desenvolvemento profesional como desde a perspectiva do noso compromiso social.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2005

A XUNTA DE GOBERNO DO COPG